

Boas noites señor alcalde, concelleiros, concelleiras, veciños, veciñas, visitantes, familia, amigos e amigas. É toda unha honra para nós estar a cargo do pregón do Carme dos Pincheiros este ano e queremos dar as grazas á corporación municipal, e en particular á concelleira de cultura por pensar en nós. Crédenos cando vos dicimos que non hai maior galardón ou mérito para nós que inaugurar unhas festas tan fundamentais para a nosa vila como as do Carme dos Pincheiros. Á fin e ao cabo non hai lugar máis importante que a nosa casa, que a nosa terra; mais tampouco audiencia máis difícil que os nosos veciños.

A razón polo que estamos aquí é, en parte, unha coincidencia: a coincidencia de dúas persoas, da mesma vila, da mesma xeración, que recibiron no mesmo ano dúas das cen bolsas de posgrao no estranxeiro da Fundación La Caixa ás que se presentan estudantes de toda a península ibérica cada ano. Ambos estamos a cursar un máster de investigación, no caso de Iván de economía política en Oxford e no meu caso, de bioloxía química na Universidade de Xenebra.

Pero a razón pola que estamos aquí non podemos reducila soamente ao azar, á casualidade. Cremos que medrar nun lugar, neste caso na Pobra, é un elemento que moldeou de xeito determinante a nosa traxectoria. Ambos nos beneficiamos dunha educación pública de calidade no insti da Pobra, que non só nos formou academicamente senón que, como a moitas outras persoas, nos axudou a explorar distintas inquietudes culturais, artísticas, e deportivas. Isto pode parecer insignificante, pero o rol dos profesores é fundamental cando te queres encamiñar a unha carreira, oficio ou profesión da que careces de referentes e mesmo descoñeces por completo.

A Pobra destaca pola súa cultura e o seu tecido asociativo, que ten un impacto diario na vida da xente. Temos un patrimonio histórico e artístico único, asociacións deportivas e culturais de primeira orde, e festivais de cine e teatro que son organizados habitualmente. De feito, a nosa amizade comezou hai dez anos grazas a estas oportunidades culturais e artísticas. Coñecémonos nas

táboas do Cine Elma, onde practicabamos e aprendiamos teatro baixo a dirección de Fran Godón. Fran non só nos provocou, nos animou a crear e nos transmitiu a súa paixón polo teatro, senón que ademais é unha peza esencial na vida cultural da Pobra.

Esta amizade, forxada na vila, foi sempre de grande axuda na nosa traxectoria académica. Aínda que traballamos en ámbitos moi distintos, sempre intentamos apoiarnos nos momentos nos que toca tomar decisións e enfrontalas. Un claro exemplo foi o proceso de solicitude das bolsas de posgrao, no que, a pesar de optar a un limitado número de bolsas, decidimos cooperar e axudarnos: revisamos xuntos os documentos que tiñamos que entregar, apoiámonos nos momentos de inseguridade e compartimos consellos de cara ás probas e entrevistas. E a verdade é que compartir os logros cun amigo é un dos sentimentos máis fermosos que poden existir.

Nos últimos anos, o pregón serviu para dar voz a diferentes sectores e persoas de vital importancia para a vila: mariscadoras, persoal sanitario, atletas, protección civil, cociñeiros... Este ano queremos aproveitar esta oportunidade para pór en valor un sector que non sempre é tan visible nin está tan claramente vencellado á vila coma outros: o da investigación. Adoitamos imaxinar aos investigadores nas principais cidades universitarias, mais tamén estamos aquí, somos de aquí; e queremos esforzarnos e traballar para contribuír e ter impacto aquí. Nesta vila temos a fortuna de contar con pobrenses cunha excelente traxectoria científica en diferentes eidos. Nós aínda estamos na primeira etapa da carreira investigadora, mais é unha sorte telos coma referentes.

Dito isto, queriamos evitar caer no discurso auto-compracente que se limita a eloxiar as virtudes da vila. Todas sabemos o bonita que é A Pobra. Por algo foi elixida como a vila máis bonita de Galicia. Mais tamén debemos lembrar os retos e dificultades que enfrontamos coma pobrenses. Temos que continuar traballando por dinamizar o tecido social, económico e cultural da vila, por

mellorar a igualdade de oportunidades e de xénero, e por incorporar todas as xeracións na vida social da Pobra.

Neste sentido, a organización do Carme dos Pincheiros é un claro exemplo do camiño a seguir. Un exemplo da colaboración e de esforzo conxunto de diversas xeracións por ofrecer un programa de actividades para todos e todas. Por iso, non podemos rematar sen agradecer profundamente á comisión organizadora e ao concello por brindarnos as mellores festas. E en especial, por poñernos á mocidade no centro a través dos xa tradicionais San Juerguines. Grazas a todos os que mantedes e facedes progresar ano a ano estas festas, que non son só un valor cultural fundamental para a vila senón tamén un espazo de reencontro. De reencontro de vellos coñecidos, de amigos, de familiares. Un espazo único para xuntarse con xente que levamos tempo sen ver e que nos permite saír do noso día a día construíndo unha nova rutina: a das festas do Carme.

Viva a Pobra do Caramiñal!

Viva o Carme dos Pincheiros!